



CES
GALICIA
Consejo Económico e Social de Galicia



Ditame
2/26

DITAME
sobre o
**Anteproxecto do
Plan director da industria das TIC
2026-2028**



APROBADO POLO PLENO O 15 DE MAIO



Todos os documentos do CES poden atoparse en

www.ces-galicia.org



Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 15 de maio de 2026, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente	Manuel Pérez Álvarez
Secretario xeral	Manuel Martínez Varela

GRUPO PRIMEIRO

CIG	Anxo Noceda Carballo María Xosé Alonso Rodríguez Natividade López Gromaz Héctor López de Castro
UGT-Galicia	Jose Carlos Rodríguez del Río Rafael Vázquez García Eladio Romero Ares Ana M ^a Pereiro Mourelo
CC.OO.	Maica Bouza Seoane Xesús Castro Baamonde (CCOO) Carlos Pardo Pardo

GRUPO SEGUNDO

CEG	Jose Antonio Neira Cortés Cristina Rama Molinos Ana Belén Vázquez Eibes César Blanco Gómez
-----	---



Laura Otero Rúa
María Dolores Bello Nine
Jose Ignacio López-Bachiller Fernández
M^a del Mar Barreiro Mariño

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Alba Torreira Puga Jacobó Feijoo Lamas
SLG	Ramón Barreiro Carnota Xosé Pérez Rei
Confrarías	Jose Basilio Otero Rodríguez Jose Antonio Pérez Sieira
Consumidores	Miguel López Crespo Josefa Monteagudo Romero
Universidade de Santiago	Melchor Fernández Fernández
Universidade da Coruña	Ángel Fernández Castro

acordou emitir por maioría o ditame que literalmente se transcribe de seguido:



ANTECEDENTES

1.- En data 3 de febreiro de 2026 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto do Plan Director da Industria das TIC 2026-2028.

Este organismo resulta competente para o ditame deste Plan Director de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre *“Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”*.

2.- O texto do Plan Director foi remitido, nesa mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión sectorial número 1, *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente e aos demais membros do Consello da entrada de solicitude de ditame.

3.- En data 9 de febreiro de 2026, compareceron na Comisión Sectorial número 1 Margarita Ardao Rodríguez (directora xeral de estratexia industrial e solo empresarial) e Belén Yáñez Barge (xefa de Servizo de promoción industrial), para presentar/explicar o Plan Director da Industria das TIC 2026-2028.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 11/26, de data 11 de maio, acordou



aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/26, do 15 de maio, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o Anteproxecto do Plan Director da industria das TIC 2026-2028.



CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- Compártese e valórase positivamente a elaboración do Plan Director da Industria TIC, como un instrumento para establecer medidas para o reforzo do desenvolvemento deste sector estratéxico para a Comunidade Autónoma de Galicia, sobre a base da colaboración público-privada.

2.- Non obstante, o CES observa que o anteproxecto obxecto de ditame presenta unha descompensación notable entre a visión tecnolóxica e económica e a dimensión socio-laboral, o que pode comprometer a súa eficacia real, a sustentabilidade do crecemento do sector e a xeración de emprego de calidade.

3.- O CES entende que o texto definitivo do Plan debería incorporar, con carácter expreso e verificable, un bloque reforzado de medidas sociais e laborais que complemente o enfoque actual centrado en «persoas» e capacitación, incorporando o seguinte:

- Criterios de calidade do emprego na política de axudas.
- Garantías de uso responsable de algoritmos e sistemas de intelixencia artificial con impacto laboral.
- Mecanismos de transición dixital con información e consulta e medidas de acompañamento, todo isto aliñado cos obxectivos declarados do Plan para impulsar un ecosistema TIC competitivo, sostible e inclusivo, e coa súa propia metodoloxía participativa e sistema de gobernanza e avaliación.
- Incorporación dun bloque específico de prevención que trate os riscos psicosociais e organizativos asociados á implantación da dixitalización, ao teletraballo e ao uso intensivo de TIC, así como a desconexión dixital; integrándoo na gobernanza, seguimento e indicadores do Plan. Isto é coherente coa esixencia de que a prevención se integre no sistema xeral de xestión e se articule mediante avaliación de riscos, plani-



ficación, execución e control continuo, con participación da representación das persoas traballadoras.

- A igualdade de xénero e a participación dos axentes económicos e sociais como eixos transversais da política industrial.
- Garantías para que a soberanía tecnolóxica e cultural estea ao servizo dos galegos e das galegas.



CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- En opinión do CES, o Plan director debera incorporar un plan específico de **simplificación e axilización da tramitación administrativa e burocracia** para empresas TIC e empresas usuarias da tecnoloxía.

Deberán establecerse obxectivos medibles de interoperabilidade entre administracións e tamén sobre a incorporación da IA como medio de conseguir a simplificación administrativa.

2.- O CES considera necesario que dentro do Eixe 2-Prioridade 3 relativo á «Competitividade e Innovación») e/ou do Eixe 5-Prioridade 7 sobre «Dixitalización dos sectores produtivos», pola súa referencia ética e impacto social, se inclúa unha epígrafe específica que condicione o acceso, cando proceda, a financiamento público á implantación de garantías mínimas en caso de uso de algoritmos ou sistemas de IA con impacto en decisións laborais.

Neste senso, propón engadir un apartado co seguinte contido mínimo:

«Protocolo de uso responsable de algoritmos e sistemas de IA con impacto laboral»

- a) Información á RLT de acordo coa normativa recollida no Estatuto de persoas traballadoras: obriga de informar a representación legal das persoas traballadoras sobre os parámetros, regras e instrucións en que se basean os algoritmos ou sistemas de IA que incidan en condicións de traballo, acceso e mantemento do emprego, incluída a elaboración de perfís.
- b) Información ás persoas traballadoras e, se for o caso, explicación individualizada: obriga de informar sobre a existencia de decisións integramente automatizadas que lles afecten, incluída a elaboración de perfís, e de habilitar mecanismos para facilitar explicación individualizada cando proceda.
- c) Intervención humana cualificada en decisións relevantes: previsión



de que, cando o tratamento automatizado produza efectos xurídicos ou afecte significativamente de modo similar, se garanta, entre outras, a posibilidade de expresar o punto de vista; impugnar a decisión; e a supervisión humana decisoria.

d) Avaliación de impacto en protección de datos (cando proceda): integración da avaliación de impacto relativa á protección de datos en escenarios de alto risco, particularmente cando se trate de datos especialmente protexidos ou cando exista avaliación sistemática e exhaustiva baseada en perfís e decisións con efectos significativos.

e) Minimización de nesgos e enfoque de IA ética: incorporación, como estándar de deseño e despregamento de medidas de minimización de nesgos, transparencia e rendición de contas, e promoción dunha IA ética e fiable.

f) Alfabetización en IA do persoal: adopción de medidas para garantir un nivel suficiente de alfabetización en IA do persoal que opere ou utilice estes sistemas no ámbito organizativo.

Estas previsións son necesarias para que o despregamento de IA promovido polo Plan sexa compatible coas garantías laborais, a protección de datos e a igualdade de trato, e para asegurar un marco de confianza que reduza riscos de reputación e de cumprimento para o propio ecosistema TIC galego.

3.- O CES entende que no texto do anteproxecto obxecto de ditame debería incorporarse un mandato operativo para que as bases reguladoras de convocatorias de axudas do Plan Director incorporen criterios e/ou compromisos asociados á calidade do emprego, con indicadores, verificación e reintegro no caso de incumprimento.

4.- O CES considera necesario promover o incremento do número de horas de **formación continua** efectiva para as persoas traballadoras do sector TIC a través dunha bolsa de financiamento público coa participación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas no seu seguimento.



5.- O CES entende que o **Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG)** debería descentralizar a súa oferta formativa ás principais cidades e vilas con oferta universitaria ou de formación profesional relacionada coas TIC, garantindo así o acceso igualitario e universal en todo o territorio galego.

Asemade, considérase necesario incidir tanto nas áreas relacionadas coa formación adaptada ás necesidades empresariais, como as relativas á atracción e retención de talento.

Entre as medidas a ter en conta cómpre salientar:

i. Formación adaptada ás necesidades das empresas, con carácter escalable:

- Programas para obter competencias básicas.
- Programas específicos en IA aplicada. Entre outros, ciberseguridade, cloud, programación avanzada e análise de datos.
- Formación dual TIC en colaboración con empresas e centros de FP.

ii. Atracción e retención de talento

- Incentivos para que profesionais TIC regresen ou se instalen en Galicia.
- En coordinación coas Administracións competentes, incidir en medidas que faciliten visados e trámites para captar talento internacional.

6.- O CES considera necesario que a Xunta de Galicia, en colaboración cos axentes sociais e económicos, impulse a negociación dun **convenio colectivo sectorial galego para o sector TIC**, co obxectivo de establecer estándares laborais homoxéneos, evitar o *dumping* salarial e atraer talento á Galicia.

7.- Tendo en conta a infrarrepresentación feminina en perfís técnicos e de alta cualificación, o CES entende necesario unha maior inclusión de medidas diri-



xidas á **feminización e igualdade real no sector TIC**. Neste senso, propón o desenvolvemento dun Plan galego de igualdade no sector TIC, que contemple, entre outras medidas:

- Programas de atracción de mulleres a estudos STEM.
- Incentivos fiscais e de acceso a contratos públicos para empresas con plans e medidas de igualdade con resultados verificables e medidas de contratación positiva que erradiquen a masculinización do sector.
- Potenciar a presenza de mulleres a través de campañas específicas para erradicar os estereotipos de xénero na selección de perfís TIC.

8.- O CES considera necesario engadir un novo punto no eixe 3 “Persoas” - Prioridade 5 “Persoas” ou ben incorporar unha nova prioridade específica na que se defina a estratexia de **promoción, uso efectivo e protección da lingua galega no ámbito tecnolóxico**.

Neste senso, entre as accións destinadas a garantir o uso efectivo e a promoción da lingua galega no sector TIC, cómpre mencionar:

1. Cláusulas lingüísticas na contratación pública TIC: esixencia de interfaces, documentación e soporte en galego, de existir, en todos os produtos e servizos tecnolóxicos financiados con fondos públicos.
2. Apoio ao desenvolvemento de tecnoloxías da linguaxe para o galego: financiamento de proxectos de IA, procesamento de linguaxe natural, corpus dixitais e ferramentas de tradución automática específicas para o galego.
3. Medidas que incentiven a formación tecnolóxica en galego: creación de materiais didácticos e recursos dixitais en galego para competencias tecnolóxicas.
4. Fomento do software libre en galego: incentivos para empresas que desenvolvan ou adapten software libre en galego, especialmente en ámbitos estratéxicos (administración pública, educación, saúde, ensino, PEMEs).
5. Observatorio da presenza do galego no ecosistema dixital: creación dun sistema de indicadores que mida a presenza e o uso do galego en



sitios web, aplicativos, plataformas públicas e contidos dixitais xerados no ámbito TIC galego.

9.- Impulsar a integración efectiva da prevención de riscos laborais nos procesos de transformación dixital do sector TIC, garantindo que as actuacións de dixitalización, innovación tecnolóxica, automatización, implantación de ferramentas dixitais, sistemas de control, intelixencia artificial, teletraballo e demais cambios organizativos ou produtivos vinculados á transformación do sector incorporen a correspondente avaliación específica, periódica e actualizada dos riscos laborais asociados.

Para estes efectos, promoverase que as empresas adopten medidas preventivas adecuadas e planificadas, con especial atención aos riscos psicosociais, ergonómicos e organizativos derivados do uso intensivo das tecnoloxías da información e da comunicación, priorizando actuacións orientadas á mellora da organización do traballo, á ordenación racional de tempos e cargas de traballo, á garantía dos descansos efectivos, á desconexión dixital e á prevención da fatiga informática.

Así mesmo, fomentarase a participación efectiva da representación legal das persoas traballadoras nos procesos de avaliación, planificación, implantación e seguimento das medidas preventivas asociadas á transformación dixital, así como o establecemento de indicadores de seguimento e avaliación da eficacia das actuacións desenvolvidas.

Estas actuacións deberían desenvolverse en coordinación cos organismos técnicos competentes en materia de seguridade e saúde laboral, nomeadamente o ISSGA, incorporando de maneira transversal a perspectiva de igualdade, accesibilidade e atención aos colectivos especialmente sensibles.

10.- En opinión do CES, o Plan debería incorporar no seu Eixe 6-Prioridade 8 («Gobernanza»), un novo apartado que recolla o compromiso expreso de im-



pulso de cláusulas sociais e condicións especiais de execución na contratación pública TIC. A finalidade é dotar o Plan dunha guía operativa plenamente aliñada coa LCSP, evitando formulacións imprecisas ou extralimitadas e asegurando que a contratación TIC pública incorpore, de forma homoxénea, estándares sociais e de cumprimento.

A título simplificador deberían terse en conta:

- a) Criterios sociais e de calidade na adxudicación, cando proceda, incorporando aspectos sociais vinculados ao obxecto do contrato e ao seu ciclo de vida, e con especificacións que permitan comprobar efectivamente a información achegada.
- b) Condicións especiais de execución de carácter social: incorporación nos pregos de, polo menos, unha condición especial de execución, con extensión a subcontratistas, e previsión de penalidades ou consideración como obriga esencial.
- c) Criterios de calidade e estabilidade no emprego: incorporación de medidas de igualdade de acordo coas Leis 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e 5/2021, de 2 de febreiro de impulso demográfico de Galicia; establecemento nos pregos de límites á subcontratación en cadea como condición especial de execución; e compromiso de mantemento de emprego vinculado ao proxecto.
- d) Protección de datos como condición esencial cando a execución implique acceso, tratamento ou cesión de datos por entidades do sector público ao contratista, incorporando mecanismos de control continuo, efectivos e verificables por parte da Administración sobre o seu cumprimento ao longo de toda a cadea de execución e subcontratación, especialmente cando concorran distintas contratadas nun mesmo servizo con interrelación funcional entre as súas plantillas ou participen empresas non establecidas no territorio da Unión Europea.
- e) Cláusulas de pagamentos a subcontratistas e mecanismos de comprobación cando proceda, como condición especial de execución, con penalidades por incumprimento.
- f) Cláusulas medioambientais.



11.- En opinión do CES o Plan, na súa Prioridade 8 («Gobernanza») e/ou no desenvolvemento do «procedemento de seguimento e avaliación», debería incluír un bloque específico de reforzo dun **marco de transición dixital xusta** con garantías no emprego, incorporando instrumentos de información, consulta e medidas de acompañamento, especialmente en proxectos que impliquen reorganización do traballo, cambios relevantes na organización ou impacto no emprego.

Neste senso, propónse engadir un apartado co seguinte contido mínimo:

«Marco de transición dixital con garantías: información, consulta e medidas de acompañamento»

- a) Información e consulta: previsión de que as decisións empresariais asociadas a procesos de dixitalización con impacto relevante na organización do traballo e o emprego se sometan a información e consulta nos termos legalmente previstos, de modo que a representación das persoas traballadoras poida examinar a información, preparar o seu criterio e formular informe previo cando corresponda.
- b) Conexión con procedementos laborais: referencia expresa a que, cando os cambios se materialicen mediante mobilidade xeográfica, modificacións substanciais ou procesos colectivos, deben respectarse os procedementos de consulta e negociación de boa fe e a documentación esixible en cada caso.
- c) Medidas de acompañamento: incorporación, como estándar de boa administración do cambio, de medidas de recolocación, formación e reciclaxe profesional para mellorar a empregabilidade cando existan reestruturacións, en liña co tratamento de medidas sociais nos procedementos colectivos.

Con isto refórzase a coherencia do Plan coa súa propia afirmación de que a transformación debe asentarse nun enfoque «centrado nas persoas» e «socialmente inclusivo», dotando ademais de indicadores e rastrexabilidade ao impacto social.



12.- En opinión do CES, a **participación continua dos axentes económicos e sociais** na avaliación do Plan debera quedar máis especificada na redacción final do texto do documento obxecto de ditame. O sistema de gobernanza do Plan deberá contar no Comité específico de seguimento e avaliación coa participación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, entre outras.

Considérase necesario que os informes de seguimento e os documentos nos que se baseen sexan públicos e accesibles a través do Portal de Transparencia.

O devandito Comité deberá contar, como contido mínimo, entre outros, con:

- (i) composición con representación, entre outras, das organizacións empresariais e sindicais máis representativas; e representación de universidades e centros de investigación/tecnolóxicos vinculados ao sector;
- (ii) periodicidade como mínimo semestral e convocatoria extraordinaria cando existan desviacións relevantes de indicadores;
- (iii) orde do día, actas e sistema de seguimento con rastrexabilidade de acordos e propostas;
- (iv) acceso a información de seguimento e indicadores do cadro de mando do Plan, especialmente os relativos a emprego, calidade do emprego, condicións de traballo e riscos psicosociais asociados á dixitalización; e
- (v) capacidade de proposta de axustes e de novas medidas, que serán comunicadas aos órganos de dirección do Plan para a súa valoración e incorporación nas actualizacións previstas.

13.- Co obxectivo de avaliar o impacto real do Plan e orientar as políticas públicas de xeito efectivo o CES propón incluír, entre outros, os seguintes **indicadores de seguimento**:

- iii. % de pemes dixitalizadas por nivel.
- iv. % de empresas TIC que exportan.
- v. Nº de empregos TIC creados, tipo de contrato e xénero.



- vi. Redución de tempos administrativos grazas á dixitalización.
- vii. Investimento privado mobilizado.
- viii. Taxa de contratación indefinida no sector.
- ix. Fenda salarial de xénero por categoría profesional.
- x. Estatísticas de rotación.
- xi. Cumprimento das cláusulas sociais en contratación pública.
- xii. Número de persoas formadas en competencias dixitais estratéxicas.
- xiii. Volume de contratación pública adxudicada a empresas con centros de traballo en Galicia, con desagregación por orixe empresarial e identificación das constituídas por iniciativa galega.
- xiv. Indicadores específicos da RSE e Igualdade.

14.- O CES entende que para o acceso ás diversas fórmulas de financiamento recollidas no texto do Plan Director obxecto de ditame se deberían considerar as seguintes condicións:

1. Aplicar o convenio colectivo correspondente á actividade real que se desenvolva.
2. Manter as operacións de empresa en Galicia mentres reciba fondos públicos.
3. Compromiso de mantemento do emprego durante o período no que reciba dito financiamento.

O obxectivo ten de ser o de garantir que os fondos públicos destinados ao impulso do sector TIC contribúan a xerar emprego estable e de calidade vinculado á Galicia.

15.- En canto ás axudas e incentivos mediante financiamento público que teñen por obxectivo desenvolver o ecosistema TIC, o CES considera necesario que se teñan en consideración ás asociacións empresariais do sector TIC, o que levaría consecuentemente a incluílas nas distintas mencións ás entidades involucradas no ANEXO de medidas do plan director.



Así, por poñer un exemplo, nas medidas do eixe 3 “persoas” (pax. 147) ademais do Clúster TIC e as empresas do sector, habería que engadir as asociacións empresariais do sector TIC.

16.- O anteproxecto establece, dentro do Eixo 1 (Internacionalización), unha medida de "Adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial" orientada a menores de 35 anos con titulación universitaria e coñecementos de inglés.

O CES considera necesario que este tipo de bolsas sexan obxecto de seguimento, especialmente na concatenación prevista nelas, para non desvirtuar a súa finalidade formativa e non cubrir necesidades estruturais.

17.- No que á prioridade de “Internacionalización e escalaxe empresarial” se refire, o CES entende necesario incidir en **promover unha marca galega** para posicionar o sector TIC no exterior.

18.- No concernente á prioridade 2 “Sustentabilidade”, o CES considera oportuno incidir en:

- Programas para que as empresas adopten tecnoloxías que melloren eficiencia e reduzan factura enerxética.
- Incentivos para proxectos TIC aplicados á industria verde.

19.- No ámbito da “competitividade e innovación” (Prioridade 3) o texto do anteproxecto obxecto de ditame menciona a "soberanía tecnolóxica europea" nun contexto xeral, mais non establece mecanismos concretos para garantir a soberanía tecnolóxica galega, nin medidas para que Galicia desenvolva, manteña e controle capacidades tecnolóxicas estratéxicas propias, fomentando un ecosistema produtivo con valor engadido no territorio e para o territorio.



O CES entende que neste apartado se deberían incluír medidas como:

- Retención da propiedade intelectual: Os proxectos subvencionados deberán manter a titularidade ou, licenza de uso preferente dos resultados, en entidades con centro de traballo en Galicia.
- Prohibición de fuga de datos estratéxicos: Os datos xerados con financiamento público galego deberán almacenarse e procesarse en infraestruturas localizadas en Galicia.
- Fomento de proxectos que impulsen unha Nube Pública Galega (NPG): infraestrutura cloud propia, pública e baseada en software libre, para servizos da Administración, PEMEs, startups e residentes no territorio galego.
- Programas de mantemento do talento: axudas a creación de empresas e desenvolvemento de programas de investigación por persoas formadas no sistema público de ensino galego.
- Reforzar a contratación pública innovadora en TIC.
- Fomentar que as empresas TIC galegas participen na cadea de valor da nube e da IA.

20.- No que ás medidas de mellora de infraestruturas TIC e promoción de solo TIC (Eixe 4; prioridade 6), o CES entende que a **industria TIC** debe actuar **como motor de revitalización do rural e das vilas** de Galicia.

Neste senso, considérase necesario establecer nas axudas públicas e programas de financiamento do Plan Director un sistema de incentivos e de valoración para aquelas empresas que:

- Creen ou manteñan centros de traballo operativos en concellos de menos de 10.000 habitantes ou zonas de especial dinamización rural.
- Implementen plans de teletraballo estable no rural.
- Colaboren coa administración local en proxectos de dixitalización que fixen poboación e talento mozo en contornas non urbanas.



21.- O anteproxecto do plan establece medidas para o reforzo das infraestruturas dixitais e de conectividade. Non obstante, o CES considera necesario universalizar a conexión dixital de alta velocidade de internet en Galicia.

Neste senso, enténdese oportuno crear un **mapa de fendas dixitais** para incidir naqueles puntos nos que falta o imprescindible despregue da infraestrutura necesaria para conseguir os obxectivos pretendidos polo plan.

22.- O texto do anteproxecto obxecto de ditame menciona o impulso á dixitalización dos sectores produtivos. En opinión do CES sería convinte integrar os diferentes programas para as empresas nun único “Programa empresa dixital”, que permitira unificar diagnósticos, axudas, acompañamento e avaliación, co obxectivo de evitar a dispersión entre convocatorias e organismos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O SECRETARIO XERAL
Manuel Martínez Varela



VOTO PARTICULAR

VOTO PARTICULAR QUE PRESENTA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, discrepan de parte do contido do Ditame aprobado polo Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión do 15 de maio de 2026.

Esta discrepancia refírese exclusivamente á consideración que se menciona a continuación:

1.- Consideración particular 6.

Redacción do Ditame aprobado na sesión plenaria do día 15 de maio do 2026:
*“6.- O CES considera necesario que a Xunta de Galicia, en colaboración cos axentes sociais e económicos, impulse a negociación dun **convenio colectivo sectorial galego para o sector TIC**, co obxectivo de establecer estándares laborais homoxéneos, evitar o dumping salarial e atraer talento á Galicia.”*

O grupo segundo do Ces propuxo a **supresión** do texto de Ditame da devandita consideración particular.

Xustificación da emenda de supresión:

Considérase que un Plan director non é o ámbito adecuado para establecer o impulso a un convenio colectivo galego. Esta mención supón unha intromisión na negociación colectiva (ámbito propio das organizacións sindicais e empresariais) e na autonomía negociadora das partes na negociación.

O feito de non ter prosperado a emenda proposta pola representación da CEG, conlevou o voto en contra dos representantes do Grupo Segundo ao texto do Ditame.

15 de maio de 2026



As copias en papel deste documento teñen a condición
de copia e serán verificables a través deste código:
CVE: mmyBLOyJ8H9 <https://sede.xunta.gal/cve>

